

SERVIZOS CENTRAIS

XERENCIA MUNICIPAL DE
URBANISMO

CONCELLO
DE VIGO



ANEXO CONVOCATORIA GALEGO

ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL VIGO Subvencións e axudas

Cuarta convocatoria de concorrencia simple de subvencións á rehabilitación de actuacións incluídas no programa de axuda ás actuacións a nivel de BARRIO do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea- NextGenerationEU nos *Entornos Residenciais de Rehabilitación Programada* declarados en Vigo, Casco Vello, Bouzas e Coia. Acordo asinado o 11.05.2023 e as súas addendas, entre o Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana, a Xunta de Galicia e o Concello de Vigo, por importe máximo de 785.255,16 euros.

BDNS (Identif.):

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións.

Primeiro. Beneficiarios:

Os propietarios de edificios de vivendas ou de vivendas unifamiliares, as comunidades de propietarios de edificios de vivendas en réxime de propiedade horizontal, as sociedades cooperativas, as empresas arrendatarias ou concesionarias do edificio, e as persoas físicas ou xurídicas que posúan un dereito real sobre o inmovible que lles permita acometer as actuacións, ou os inquilinos autorizados polo propietario.

Segundo. Obxecto:

Publicar a cuarta convocatoria de concorrencia simple dentro do Programa de axudas ás actuacións de rehabilitación a nivel de barrio dos ERRPs declarados en Vigo de Casco Vello, Bouzas e Coia, previsto no Real decreto 853/2021, do 5 de outubro, polo que se regulan os programas de axuda en materia de rehabilitación residencial e vivenda social do Plan de recuperación, transformación e resiliencia (*Boletín Oficial del Estado* núm. 239, do 6 de outubro de 2021) coa finalidade de financiar obras ou actuacións en que se obteña unha mellora acreditada da eficiencia enerxética, con especial atención á envolvente edificatoria nos edificios de tipoloxía residencial colectiva, incluíndo as súas vivendas, e nas vivendas unifamiliares, do acordo asinado o 11.05.2023.

Terceiro. Bases reguladoras:

As bases reguladoras están publicadas no BOP de Pontevedra nº 158, de data 17 de agosto de 2023 e na páxina web e portal de transparencia do Concello de Vigo (<https://sede.vigo.org/expedientes/avisos/?lang=gal>).

Cuarto. Contía:

A contía máxima das axudas determinarase atendendo ao custo subvencionable e á porcentaxe de aforro en consumo de enerxía primaria non renovable conseguido mediante a actuación, que sempre deberá ser como mínimo do 30%.

OFICINA DE SERVICIOS
CENTRAIS

XERENCIA MUNICIPAL DE
URBANISMO

CONCELLO
DE VIGO



A contía base poderá chegar ata o 80% do custo subvencionable, cunha contía máxima de 21.400 euros por vivenda no caso de que o aforro acadado sexa maior o igual ao 60%.

Nos casos nos que haxa que proceder á retirada de elementos con amianto, poderá incrementarse a contía máxima da axuda ata un máximo de 1.000 euros por vivenda ou 12.000 euros por edificio obxecto de rehabilitación, o que resulte superior.

As vivendas con vulnerabilidade económica poderán obter unha axuda adicional en función dos ingresos da unidade de convivencia residente das vivendas, que deberán ser como máximo inferiores a 2,6 veces o IPREM.

A contía da axuda adicional poderá chegar ata o 100% do custo subvencionable, cun máximo de 26.750 euros en vivendas colectivas e 29.425 en vivendas unifamiliares, no caso de ingresos da unidade familiar iguais ou inferiores a 2,1 veces o IPREM.

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes:

Ábrese o prazo desde o día seguinte á publicación do presente extracto no BOP de Pontevedra por conduto da BDNS ata o 15 de maio de 2026 ou ata o esgotamento do financiamento, coa posibilidade de ampliar dita data de existir fondos dispoñibles dentro da vixencia do acordo.

Vigo na data da sinatura electrónica

María José Caride Estévez,
Concelleira Delegada da A.G. de Urbanismo e Vivenda